

DECLARACION DO P. C. DE GALICIA



órgao do partido comunista de galicia

ANO VIII - NUMERO ESPECIAL - ENERO 1.976 - Precio: 10 Pts.

disolución das institucións feixistas sufraxio universal libertades

Na base do cambio que se está producindo en España háchase o anxeio dos pobos que integran o Estado español de libertá, de democracia. Este anxeio patentízase nas loitas crecentes da clase obreira, dos estudantes e profesionais, dos campesiños, da xenerallidá das forzas populares; nos progresos da unidá das forzas democráticas e de oposición aglutinadas na Xunta Democrática de España e na Plataforma de Convergencia, así como nos diversos órganos unitarios de Cataluña, Euzkadí e Galicia.

O esencial dese cambio reside en que as zoas de libertá ensancháronse, acadando a todas as esferas da vida político-social. No mesmo inscribese a politización da conciencia das grandes masas; éstas ven cada vez mais claro de que non cabe esperar 'dones' e 'gracias' do poder, que pra lograr a libertá é preciso conquistarla.

Centos de miles de obreiros reclaman estes días, a traveso de todo España, o desbloqueo salarial e con outras reivindicacións libertá sindical, amnistía, libertá, democracia. Pola amnistía, como pórtico as libertades, clama a maioría da sociedade. A recomposición dos partidos políticos a nivel de todo o Estado e das nacionalidades, a nova fronteira alcanzada pola prensa e demais medios de información, son parte dese proceso demostrativo de que o vigor democrático da sociedade española, é o polo oposto a un Goberno que, anque conta cunha ala aperturista, sigue encorsetado na continuidade do franquismo. A sociedade española eisixe que se acabe con esa continuidade. O pobo non que

re unha simple tolerancia anque a aproveite pra orgaizarse, ou a promesa dunha democracia recortada a un ano vista, quere a libertá, a democracia sin ningunha cortapisa. O avance hacia ésta aisixe disolver as Cortes, o Consello do Reino, o Consello do Movemento e demais institucións feixistas, e non -- que se prolongue a súa existencia. Imponse o que se restablezan, agora, todos os dereitos e libertades, entre eles o do sufraxio universal e o da existencia legal dos partidos políticos sin ningunha discriminación. Eso é o que a sociedade española pide e, si esa petición non é satisfeita, o eisixirá -- cada vez con maior forza, manifestándose na rua.

Que o desexo é lograr as libertades non entraña peligro pra ningún interés lexítimo esplicao o comportamento responsable dos traballadores e, en xeneral, das masas, ó manifestarse. A madurez da clase obreira, dos demais seutores populares e os seus movementos de masas, o espírito de reconciliación nacional e o sentido de responsabilidad con que abordan os problemas político-sociales -- o Partido Comunista e demais forzas democráticas, son a mellor garantía contra todo tipo de escesos ou de revancha.

O propio tempo, as forzas obreiras e democráticas, debemos ser conscentes de que -- mentras non se logre a libertá plena, os progresos e avances outidos no proceso cara á democracia serán precarios. As zoas de libertá xa alcanzadas han de ser mantidas, desenvoladas, ampliadas, por medio da acción de masas e da convergencia unitaria. Mais o ouretivo haberá de ser a súa superación coa rutura democrática. Esta haberá de lograrse por medio da Aición Democrática Nacional -- que será culminación dun cúmulo de loitas, -- como as que xa están en curso, abarcando a todos os seutores da sociedade, dando cima o proceso no cal xa nos hachamos.

Esa orientación é común ós traballadores e as forzas democráticas de todo o Estado.

a amnistia require unha maior mobilización de masas

As mobilizacións de masas pola Amnistía, polas liberdades democráticas e nacionais están adeguerando no seo do pobo galego dimensións hastra agora desconocidas. A loita por impor a Amnistía, por arrancar os presos da cadea protagonizaba hoxe todos os sectores, casi todos os grupos ou forzas da sociedade galega, dende a clase obreira hastra a Eirexa, pasando polos intelectuais, Colexios profesionais, estudantes, sociedades culturais. Abarcando o mais amplo abanico de accións (folgas, manifestacións, escritos, pronunciamentos, concentracións, etc) a loita pola Amnistía está alcanzando un carácter de plebiscito nacional. Nembargantes, arrancar a todos os presos políticos da cadea, lograr a volta dos exiliados, que se peche o período da guerra civil e se abra unha nova etapa de liberdades, ouxetivo capital da Amnistía, require maiores esforzos dos hastra agora realizados.

Nesa perspectiva, a gran mobilización nacional galega a que nos referimos, ten res-
peito a mobilizacións anteriores - aspectos novos que convén analizar e, sobor todo, desenvolver.

En primeiro lugar, respecto a outras mobilizacións (20 de febreiro, 12 de xullo, etc) estas accións teñen un maior carácter de proceso, de superación do "xornadismo", o cal entre xornada e xornada consagra un certo "atentismo"; configuran unha gran converxencia popular e nacional pola Amnistía e as liberdades; apareceron como un movemento amplo, descentralizado, con múltiples formas de iniciativa no curso das cales cada sector desenvolve e desenvolve os seus propios xeitos de loita, sin que se lles encorseten os que corresponden a outros sectores. Estas accións foron ó mesmo tempo un movemento coordinado, pasando a traveso das mesmas o camiño da Acción Democrática Nacional.

A participación de sectores novos na acción pola Amnistía, na mobilización por imposición, representa unha novidade respecto a períodos anteriores. Non foron individualidades ou vanguardias reducidas desos sectores os que uniron a súa voz ós da clase obreira; foron miles de intelectuais, profesionais, institucións, Colexios e Corporacións os que se definiron e mobilizaron por dita conquista cidadán. Neste proceso ó ré-

ximen rompéronse adhesións insospeitadas, impensables, soio unhas semanas antes. Citemos como exemplo o caso do Axuntamento de Vigo que co seu alcalde o fronte, pasou a reclamar a Amnistía e os Dereitos Humanos, exemplo que é de esperar sea seguido polos Axuntamentos da Cruña, Ourense, Pontevedra, Lugo e demais Corporacións municipais de Galicia. Tamén a Eirexa galega, por boca do seu máisimo representante, Monseñor Suquía, no acto de apertura do Ano Santo Compostelán, tomou postura pública e reclamou a Amnistía ó ministro de Xusticia presente no acto.

A saída á rua, de forma continuada, de miles de persoas e en todas as cidades galegas, foi o mais importante hastra agora logrado a este respecto. En todas estas manifestacións entre os cales hai que destacar a gran concentración realizada en Pontevedra, que tivo un carácter nacional inequívoco, comprobouse a gran responsabilidade cívica dos manifestantes. Tamén debemos constatar que salvo en casos contados como na Cruña, donde a Forza Pública cargou e detivo a 17, a Policía Armada mantívose ó marxen.

Esta nova aitude das forzas de Orden Público, que hai que facer o posible porque se faga xeneral, ten enorme importancia. Dun lado, debe facilitar a incorporación de decenas de miles de persoas ás grandes accións de masas que pra lograr a Amnistía e as liberdades han de ganar a rua; de outro, é susceptible de abrir un camiño de diálogo que pode e debe levar á confraternización entre ditas forzas e o pobo. En todo caso, pra que se xeneralicen as loitas que han de levarnos á liberdade, é capital impedir o enfrontamento das forzas represivas coa poboación traballadora e cidadán. Pra lograr esto, requirese unha mais intensa e mais audaz laboura política entre esas forzas, demostrativa da xusteza dos ouxetivos democráticos.

Na acción pola Amnistía, o pobo galego eisixe a liberdade de todos os presos políticos, sin as discriminacións que pretende o Goberno e a volta de todos os exiliados, con Dolores Ibárruri e Santiago Carrillo a súa cabeza. Pro un motivo suplementario pra súa acción debe representalo o feito de que Pillado, Amor Deus e Riboñ sigan aínda na cadea e que, cos exiliados da guerra civil, como Santiago Alvarez, se nachen Francisco Fernández Filgueiras e decenas de outros traballadores e estudantes galegos exiliados no derradeiro período. A acción pola Amnistía comporta a eisixencia de reposición nos seus postos de traballo manual ou intelectual de todos os despedidos ou represaliados por motivos políticos, como é o caso de Xesús Alonso Montero e outros intelectuais e profesionais.

Parece próximo o xuício contra os dez militares -un deles esiliado- acusados de --pertener a U.M.D. Os comunistas, os traballadores, o pobo galego, debemos empezar --dende agora unha verdadeira campaña en defensa de ditos militares, non só entre as masas, sinón no seo mesmo das Forzas Armadas. Hai que esixir que non se lles xuzgue ou, en todo caso, que non se lles condene, --zaque o seu único delito é o de profesar --ideas democráticas e o de defendelas. A conduta desos militares non só non é condenable --e só pode sêlo por un sistema político --prolongación do franquismo-- sinón que deberá merecer o beneplácido de todos ou casi todos os seus compañeiros de armas. E a través de militares democratas e patriotas como os que se queren levar ante o Tribunal, --de España poden reconciliarse e se reconcilian coas Forzas Armadas.

O Partido Comunista de Galicia chama a --todo o pobo a realizar a mais ampla mobilización en defensa de eses militares, entre os cales as guarnicións da nosa nacionalidade --están representadas polo capitán de Infantaría don Xosé Fortes Bouza, licenciado en Filosofía e Letras, con destino en Pontevedra.

por un solo órgano da oposición galega

Pra acabar co réximen político franquista e conquistar a liberdá, a unidá de todas as forzas democráticas e de oposición, é unha existencia insoslaíable. Isto é válido --tanto pro conxunto do Estado español como --pra cada un dos pobos ou nacionalidades que, como a nosa, aspira a gozar de autonomía en canto se hache á cabaza de dito Estado un --Goberno Democrático. Era constante orientar a nosa política en pro da necesaria unidá --ante a creación recente do "Consello de Forzas Políticas Galegas" constituído polo PGS, PSG e UPG.

Con estas tres forzas a Xunta Democrática de Galicia e o noso Partido mantiveron e manteñen relacións e, a pesares de certas diverxencias, existen importantes coincidencias encoi a problemas fundamentais. No --no se criterio, entre a Xunta e o Consello existe unha base operativa de entendimento --que é necesario desenrolar coa urxencia que demanda a situación actual, na perspectiva do Punto Nacional Galego concretado nun organismo único da oposición.

A necesidá da unidá política e orgánica da oposición galega é urxente por varias razóns:

Todo fai supoñer que a Xunta Democrática de España e a Plataforma de Convergencia Democrática, entre as cales existe xa un órgano coordinador, van a chegar a un acordo --definitivo que, superando as dificultades --que aínda existen, cree as condicións pra --construción dun organismo único da alternativa democrática a nivel do Estado español. Na construción desa alternativa democrática deben participar coas súas propias forzas e a través dos seus órganos unitarios, Cataluña, Euzkadi e Galicia. Chegado ese intre, --mui próximo xa, Galicia, cúa aportación á loita democrática adquiriu derradeiramente un novo nivel, debe comparecer nese proceso coas súas forzas de oposición unidas. Esta é unha condición indispensable pra acrecentar a súa contribución á loita pola rutura democrática, reforzar o seu papel como nacionalidá nos órganos unitarios da oposición a nivel xeneral, intervir con autoridá sobor os problemas que afeutan o conxunto dos pobos de España e, sobor todo, nos que nos afeutan como pobo galego. Só así potencia rase a nosa persoalidá nacional e a defensa dos nosos lexítimos intereses, en condicións de igualdá cos demais pobos do Estado.

A esperencia das accións pola Amnistía, ás que queda feita referencia, demostran que a situación unida da oposición crea unhas condicións de mobilización que ningunha forza --por sí soia é capaz de lograr. Na perspectiva de mobilizar ó noso pobo, o lado dos demais pobos do Estado español, pra producir a rutura democrática --que é a perspectiva --da Xunta Democrática e creemos que tamén a do Consello-- a unidá da oposición, cabe subraialo de novo, é insoslaíable. Do que se trata é da mobilización da sociedade galega e non dunha vanguardia por moi largacia que --esta sexa.

A creación desa unidá de todas as forzas de oposición nun organismo único faría bascular sobor as súas posicións a sectores nacionais, grupos económicos e forzas sociais --que desprendéndose do réximen ou renunciando as súas ilusións evolucionistas baixo a --monarquía de Juan Carlos, non se consideran, nembargantes, representadas nin pola Xunta Democrática nin polo Consello. A vez, esa unidá tería un gran impacto sobor a Sirexa, o Exército e incluso sobor as forzas do Orden Público.

De outra parte, a formación e consolidación do Goberno Provisional Autónomo que Galicia necesita dende o primeiro día da rutura democrática, como paso cara ó exercicio posterior do dereito de autodeterminación, --será moi difícil de lograr sin a unidá de --todas as forzas democráticas e da oposición.

Ante as eixixencias que a situación im-
pón, naide debe pretender, por elo, abrogar
se unha representación global a nivel de Ga-
licia que non ten. A Xunta Democrática non
o fixo en ningún momento xa que se procla-
mou aberta a toda a oposición e a toda nego-
ciación. Esa representación global pra selo
ha de estar constituída por todas as forzas
que se definan como contrarias o continui-
smo e partidarias das liberdades, sin secta-
rismos, sin ningunha exclusiva nin discrimi-
nación e sin pretensións ó monopolio da ga-
leguidá. O peche da etapa franquista, a
apertura de unha era de liberdá, de democra-
cia e de autonomía pra Galicia, debe supo-
ñer o enterrar pra sempre a práctica instau-
rada por dito sistema de que unha minoría -
oligárquica dominante fale en nome do pobo
mentras este está condenado ó silencio. A
participación de todas as forzas galegas --
que estén pola liberdá, nun organismo único
e autorizado da oposición nacional de Gali-
cia, debe configurar xa o proceso democráti-
co no que o principal protagonista ha de se-
re o pobo e a súa voluntá soberana, espresa-
da por medios democráticos, o principal dos
cales é o sufraxio universal.

Todo o dito eixixe inequivocamente unha
convergencia encol a un programa i a unha
estratexia, acordos co interés nacional de
Galicia na coiuntura actual, e que ese acor-
do cristalice nun organismo único a nivel na-
cional galego. As grandes liñas dese prográ-
ma estimamos que poderían ser:

A acción de masas e a Acción Democrática
Nacional como medio de lograr a rutura demo-
crática; apoio á creación dun Goberno Provi-
sional de ampla coalición e reconciliación
nacional a nivel do Estado; un Goberno Pro-
visional galego autónomo de ampla coali-
ción e unidá nacional baseado nos postulados
e institucións configuradas no Estatuto ple-
biscitado polo pobo galego no 1936, que pre-
sida e impulse en Galicia o proceso consti-
tuinte dende o primeiro intre da conquista-
da liberdá. Ese é un paso indispensable pra
lograr posteriormente o dereito de autode-
terminación.

impulso das reivindi- cacións obreiras con- tra o bloqueio salarial impulso a outros seutores sociais

A clase obreira galega, ó propio tempo -
que encabeza a acción pola Amnistía, loita-
e debe facelo aínda con mais decisión, con-
tra o bloqueio salarial e a política económi-
ca do Goberno. O Decreto de conxelación sa-
larial ten unha gran incidencia sobor as ne-
gociacións de convenios colectivos, xa que
pretende limitar, ou mais esautamente anu-
lar, toda posibilidade de libre negociación -
entre as partes. Pretender que a inflación-
prodúcese coma consecuencia dos aumentos sa-
lariales, é totalmente falso como sabe hoxe
todo o mundo, xa que os salarios están moi
por debaixo da carreira galopante dos pre-
cios. Esta realidade é a que ofrece unha am-
plia base pra desenvolver a loita reivindica-
tiva dando ademais con ela unha efectiva --
contribución ó combate pola liberdá.

O Goberno pretende descargar sobor os --
traballadores e clases populares as conse-
cuencias da crisis económica que vive o mun-
do capitalista, agudizada en España pola --
pervivencia de arcaicas estruturas políti-
cas. Pro os traballadores non queren nin de-
ben cargar coas consecuencias dunha políti-
ca na cal non teñen participación algunha e
que dirixe contra as masas laboriosas o seu
filo principal.

Os obreiros galegos constatan ademais que
si a crisis afeuta o conxunto dos traballa-
dores españoles, descarga entre nos outros -
os seus mais graves efectos. O paro, que aí-
canza en Galicia cifras alarmantes, sigue -
en progresión debido a agravación da situa-
ción na construción naval, a flota pesquei-
ra, especialmente conxeladora, a constru-
ción e outras industrias; debido tamén ó re-
torno dunha gran masa de emigrantes e a non
saida dos candidatos a emigrar si non hoube
se crisis xeneralizada. É necesario saber -
chegar a todos os traballadores que se en-
contran nesta situación e tratar de agrupa-
los pra sacar o problema á luz pública e mo-
vilizarse, recollendo esperencias de outros
lugares, como Santander, Barcelona, Madrid,
etc. É necesario eixixir a inmediata modifi-
cación da concesión do Seguro de Desempleo-

pra que éste se aplique sin excepción a todos os traballadores que se encontran en paro. Estos reclaman a percepción do 100% do salario real e sin limitación de tempo. Xuntamente, hai que loitar pola garantía do emprego e a creación de novos postos de traballo.

Outra das cuestións que a clase obreira necesita manter hoxe en primeiro plano das reivindicacións é a readmisión de todos os traballadores despedidos por motivos laborais e socio-políticos.

O Partido Comunista de Galicia que encabeza as reivindicacións dos obreiros e demais traballadores, por consideralas xustas, fai plenamente seu o seguinte criterio establecido na recente declaración do C.E. do P.C. de España:

"A clase obreira e o conxunto dos traballadores non teñen hoxe outro medio de acción que a folga e as manifestacións; pro é indudable que, nun cambio político, no que a clase obreira alcanzase a posibilidade de participar directamente na solución dos problemas nacionais, os traballadores non refuxirán a súa responsabilidade e estarían dispostos a contribuir a unha solución progresista da crisis que tivera en conta o interés xeneral do país".

O Partido Comunista de Galicia tamén é consciente da xusteza da protesta dos industriais galegos, especialmente modestos, afectados pola crisis, protesta que se dirixe contra a "Administración" pola súa política inxusta e irracional, e declara prestarlle como tamén ós gandeiros de vacuno todo o seu apoio político e moral. Pro o mesmo tempo invitaos a considerar a necesidade do cambio de réximen político como a primeira e a mais urxente eixixencia pra que os seus problemas hachen unha vía axeitada de solución. Soio nun contesto democrático e nunha Galicia autónoma poderán ser resolto, ou o menos encontrar a atención que require, unha problemática que afecta certamente ó conxunto da sociedade galega.

Neste senso hai que ser conscientes que os ultras e os conservadores do franquismo pretenden que todo ou casi todo siga igual. Pola súa parte os aperturistas o que ofrecen pras nacionalidades -e non sabemos si pra nosa- é a vaga posibilidade de que se mancomunen as súas diputacións provinciais, o que de nada serviría, dado o nivel de eixixencias que presenta a actual etapa. Esa concesión otorgada ademais dende un poder central non democrático estaría sempre a súa mercé. En realidade non tería mais repercusión nos problemas socio-económicos e culturais que é necesario resolver, que a que ten, por exemplo, o feito de eixistir un Consello Económico Social de Galicia.

por un partido de masas, por novos miles de militantes

A situación política, predemocrática, que hoxe vivimos, crea as condicións pra un avance decisivo no desenvolvemento do Partido Comunista de Galicia.

O embate da loita de masas e das forzas democráticas, a irreversible crisis do réximen coa desaparición de Franco, abriu, como xa sulifiamos, amplias zoas de liberdade, provocou un retroceso da represión e fai posible un traballo mais aberto e audaz. E necesario facer chegar a voz do Partido a toda a sociedade. Con unha difusión masiva da nosa propaganda, co aproveitamento a fondo da prensa legal, por medio de coloquios amplos, mítines, etc. E necesario e posible o recrutamento de novos miles de militantes.

Centos de traballadores, estudantes, prestixiosos profesionais, etc. engrosan as nosas ringleiras nos derradeiros meses. Pro as posibilidades de crecer por milleiros nos próximos, son enormes. Hai que prestar gran atención a esta tarefa, hastra agora bastante descuidada, e considerar o recrutamento como unha laboura esencial e sistemática de primeira importancia política. Hai que desenvolver formas flexibles de organización, preocupándose principalmente de aquelas localidades, zoas ou sectores mais rezagados. Un Partido revolucionario democrático e de liberación nacional e social como é o noso Partido, precisa engrosar masivamente as súas ringleiras con novos militantes procedentes da clase obreira, dos estudantes e profesionais, dos campesiños, dos pescadores, das mulleres e da xuventú. Debe redoblar a súa laboura cara os cristiáns, así como cara a outros grupos de tendencia marxista.

No movemento obreiro, aparte de aumentar a nosa forza no Metal, en donde xa é de consideración, o esforzo debe orientarse cara a outras ramas nas que a nosa presenza é menos sólida: construción, textil, conserva, comercio.... Debemos prestar atención especial ó recrutamento de novos membros en servicios estratéxicos tan importantes como transportes, telefónica, correos e telégrafos, electricidade, etc.etc.

A construción do gran partido de masas - que a situación reclama, existe superar o - insuficiente interés cara os problemas de - organización; existe a promoción de centos - de cuadros, obreiros, profesionais, campe- - siños, femininos e prestar constante aten- - ción á formación política e teórica dos mes- - mos. Hai que acabar cos residuos da secta- - rismo que limita a ampliación dos órganos de - dirección a todos os niveles hastra o punto - necesario; precisase a creación de novos co- - mités intermedios, a asignación de responsa- - bilidades a camaradas de recente ingreso -- que están demostrando a súa gran valía.

O avance cara o partido de masas debe ir - xunguido a un desenvolvo de métodos cada vez - mais abertos e democráticos de funcionamen- - to, tomando á vez, mentras dure esta ditua- - ción, as medidas de seguridá pra preservar a - organización e o aparato de propaganda de - golpes policíacos. As trabas que a clandes- - tinidá -á que nos someteu a ditadura- impo- - ñían á democracia interna, van sendo supera- - das. Reafirmamos novamente que o noso Partí- - do, que considera a democracia como unha -- componente estratéxica de camiño cara ó so- - cialismo, esforzase e esforzarase en conse- - guir unha estrutura e funcionamento inter- - no cada vez mais profundamente democráticos.

A saída pública do Partido Comunista de - Galicia como tal xa comenzou. Non se trata- - de que centos dos nosos militantes sexan co- - ñecidos como loitadoras ou líderes do seu - sector, sinón que o son xa como comunistas. - Que se presenten e aparezan como tales en - reunións, assembleas, na prensa legal. Hai que - avanzar nese proceso, creando xa as condi- - cións pra mesma apertura de locais nas dis- - tintas cidades e vilas, en barriadas, etc. - Hai que ampliar a difusión da prensa do Par- - tido, en mau, nos lugares de traballo e nas - mas.

O noso Partido demostre o seu carácter - auténticamente nacional galego por nutrise- - das clases e capas sociais mais populares - e pola comprensión da problemática da nosa - nacionalidá. Esa comprensión permitiulle -- - elaborar unha estratexia clara de libera- - ción nacional e social de Galicia que, pa- - sado pola conquista da democracia e a au- - tonomía, ha de culminar co exercicio do de- - reito de autodeterminación e o socialismo.-

Partido soupo adobar e esgrimir os símbo- - los nacionais e defender día tras día, en- - numerosas loitas, as reivindicacións especí- - ficas de Galicia. Naide duda hoxe do carac- - ter nacional do noso Partido. Mostra delo é - a entrada nas súas ringleiras de inteleitua- - les, profesionais e estudantes de tenden- - cias galeguistas que encontraron no P.C. de - Galicia o seu Partido.

O Partido estivo e estará na vanguardia - da loita pola industrialización de Galicia-

e contra a proliferación de industrias con- - taminantes: na defensa da lingua e da cultu- - ra galegas e porque ésta chegue as amplias- - masas; estivo na primeira linia da denuncia - da farsa chamada decreto de linguas vernácu- - las; fixo un gran esforzo na difusión do -- - pensamento de Castelao e na labouira de rei- - vindicar e potenciar ante o pobo a súa figu- - ra; reafirma a súa auténtica voluntá nacio- - nal no seu constante esforzo por conseguir - o acordo político de todas as forzas de opo- - sición, acordo que ha de permitir a consec- - ción da democracia e a autonomía.

Pra fuxamos de caer en ningún tipo de au- - tosatisfacción, tanto polo que respecta á -- - forza do Partido como á influencia que a -- - súa orientación irradia. En relación coas - necesidades e as eixencias políticas do - momento, somos aínda un Partido pequeno, de - insuficiente influencia. No campo, a pesares - de algunos progresos en certas zoas, somos - orgánicamente débiles, e en Galicia pra ser - un Partido de masas hai que ter moita mais- - forza no campo.

En orden a linia política do Partido, a - súa prolección democrática e nacional, te- - mos de darnos conta que a etapa actual éisi- - xe medir cada día a xusteza das nosas ideas, - da nosa orientación, dos nosos plantexamen- - tos, con outras forzas que antes soio esis- - tían potencialmente, pro que xa hoxe reali- - zan, lóxicamente, unha labouira de masas. Fai nos falla no Partido, de modo inmediato, no vos centos de xóvenes de ambos sexos a par- - tido dos 18 anos.

E necesaria ademais unha Xuventú Comunis- - ta Galega mais forte, vigorosa e influente - entre as masas da xuventú obreira, estudian- - til, campesina, pescadora....

C.E. do Partido Comunista de Galicia
15 de xaneiro de 1976